

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DA PROBA TIPO TEST DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA MODALIDADE ESPECÍFICA DE PROMOCIÓN DO PERSOAL LABORAL FIXO, NO CORPO ADMINISTRATIVO DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C1.

En sesión que tivo lugar o 9 de febreiro de 2024, o tribunal nomeado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso, pola modalidade específica de promoción do persoal laboral fixo, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, acordou establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo, de conformidade coa base II.1.2.10 da convocatoria.

1. CUESTIÓNS XERAIS SOBRE A PROBA

A proba tipo test consiste en contestar por escrito un cuestionario de oitenta (80) preguntas tipo test.

As persoas aspirantes deberán sinalar na folla de exame as opcións de respostas que estimen válidas consonte ás instrucións que se lles faciliten.

O exercicio dispón de cinco (5) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das que só unha será a correcta.

As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cen (100) minutos.

Para o desenvolvemento desta proba poderán servirse de textos legais sen comentarios. En relación con estes, admitiranse as súas versións consolidadas, aquelas nas cales figuren notas de vixencia e/ou referencias cruzadas a outras normas e os subliñados simples.

Considérase que se axusta ao anteriormente exposto levar os textos legais acoutados, non sendo necesario levar completos os textos legais sobre os que se formularon a batería de preguntas, sempre que eses textos non leven comentarios, nin ningunha outra alteración ou



modificación. Os textos legais poden estar subliñados sempre que non leven ningún tipo de anotación.

Finalmente tamén se permite que eses textos legais leven unha marca de auga ou un logo indicativo da entidade que os elaborou, sempre e cando cumpran as restantes condicións anteriormente indicadas.

Ao remate da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas. No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido da proba e as respostas correctas no portal web corporativo funcionpublica.xunta.gal.

O exercicio cualificarase como "apto" ou "non apto" a para obter a cualificación de "apto" será necesario obter o número mínimo de preguntas correctas que determine o tribunal.

2. DETERMINACIÓN DA CUALIFICACIÓN DE APTO NA PROBA TIPO TEST

En cumprimento da potestade de determinación do criterio de cualificación de "apto" da proba indicada, o tribunal acordou que terán a cualificación de "apto" as persoas aspirantes que acaden trinta e dúas (32) respostas correctas.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2024

Rubén Plaza Martínez
Presidente do tribunal

